



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 07 DE XULLO DE 2015

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE ORGANIZACIÓN CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO CON DATA 07 DE XULLO DE 2015

SRES. ASISTENTES

Alcalde-Presidente

D. Manuel Corzo Macías

Concelleiros

Grupo Popular

D. Manuel Rey Rionegro
D. Darío Carracedo Vidueira
Dna. Salesa Losada Fernández
D. José Vega Martínez
Dna. Lucía Fernández Sobrino

Grupo Socialista

D. Magín Fernández Fernández
D. Juan Ferreira Ricón
D. Vicente Sabín Fernández

Secretaria-interventora

Dna. Carmen Sotelo Casado

Sendo as dezasete horas do día enriba indicado, constituíuse no Salón de Plenos da Casa Consistorial, en primeira convocatoria, o Pleno Municipal para celebrar sesión extraordinaria. Da fe do acto a Secretaria do Concello.

Declarado aberto o acto pola Presidencia, pasáronse a tratar os puntos da orde do día:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 13 DE XUÑO DE 2015.-

Non producíndose intervencións o Sr. Presidente somete o punto a votación votando a favor todos os concelleiros presentes, agás D. Manuel Rey Rionegro, por non asistir á devandita sesión nin tomar posesión como concelleiro.

Como consecuencia da votación anterior a acta do día 13 de xuño de 2015 queda aprobada por unanimidade dos presentes.



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 07 DE XULLO DE 2015

2.-TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELEIRO DE D. MANUEL REY RIONEGRO.-

De conformidade co establecido no artigo 182.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño e cumprindo co requisito legal de prestar xuramento ou promesa baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, a Sra. Secretaria procede a formular a seguinte pregunta: "Xura ou promete pola súa conciencia e a súa honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?", contestando D. Manuel Rey Rionegro, xuro.

Manifesta que quedará incluído no Grupo Municipal Popular que se constitúa no concello.

A partir deste momento o novo concelleiro pasa a formar parte da Corporación e a participar na sesión

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS A CELEBRAR POLO CONCELLO PLENO.-

O Sr. Presidente dá lectura á proposta que se somete ao pleno da corporación:

De conformidade co disposto nos artigos 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 38 a) de 78.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento das entidades locais e 210 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia,

PROPONSE Ó PLENO DA CORPORACIÓN:

Primeiro.- Que o Pleno do concello celebre sesión ordinaria cada tres meses

Segundo.- Que as sesións ordinarias do Pleno se celebren nos meses de xaneiro, abril, xullo e outubro de cada ano natural ás dez horas e trinta minutos.

Terceiro.- Que as sesións extraordinarias e extraordinarias urxentes se realizaran conforme ós artigos 78 e 79 do regulamento de organización e funcionamento.

Non producíndose intervencións o Sr. Presidente somete o punto a votación votando a favor os seis concelleiros do Grupo Municipal Popular e abstéñense os tres concelleiros do Grupo Municipal Socialista.

Como consecuencia da votación anterior o Pleno **aproba por maioría absoluta:**

Primeiro.- Que o Pleno do concello celebre sesión ordinaria cada tres meses



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 07 DE XULLO DE 2015

Segundo.- Que as sesións **ordinarias** do Pleno se celebren nos meses de xaneiro, abril, xullo e outubro de cada ano natural ás dez horas e trinta minutos.

Terceiro.- Que as sesións **extraordinarias** e **extraordinarias urxentes** se realizaran conforme ós artigos 78 e 79 do regulamento de organización e funcionamento.

4.- CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DA MESMA.-

O Sr. Presidente dá lectura á proposta que se somete ao pleno da corporación:

PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN

Visto o sinalado no artigo 20.1 b) da lei 7/1985 de 2 de abril:

1. La organización municipal responde a las siguientes reglas:

b.- La Junta de Gobierno Local existe en todos los municipios con población superior a 5.000 habitantes y en los de menos, cuando así lo disponga su reglamento orgánico o así lo acuerde el Pleno de su ayuntamiento.

Visto o sinalado no artigo 52 do RD 2568/1986 de 28 de novembro:

1 La Comisión de Gobierno está integrada por el Alcalde, que la preside, y concejales nombrados libremente por él como miembros de la misma.

2. El número de concejales a los que el Alcalde puede nombrar miembros de la Comisión de Gobierno, no podrá ser superior al tercio del número legal de miembros de la Corporación. A los efectos del cómputo no se tendrán en cuenta los decimales que resulten de dividir por tres el número total de concejales.

3. El Alcalde puede cesar libremente, en todo momento, a cualesquiera miembros de la Comisión de Gobierno.

4. Los nombramientos y ceses serán adoptados con las formalidades prescritas en el número primero del artículo 46 de este Reglamento.

5. Podrán ser objeto de una sola resolución del Alcalde, el nombramiento como miembro de la Comisión de Gobierno y la delegación de atribuciones a que se refiere el artículo 43 de este Reglamento.

Visto o sinalado no artigo 112 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, así como no artigo 23.1 da lei 7/1985 de 2 de abril, e no art. 59 da Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

PROPONSE AO PLENO DO CONCELLO DE O BOLO:

1º) Constituir a Xunta de Goberno como órgano de apoio á Alcaldía.

2º) Estará constituída polos Concelleiros designados pola Alcaldía coas atribucións que de acordo coa vixente lexislación, a alcaldía ou o Pleno deleguen neste órgano colexiado.

3º) As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebraranse unha vez ó mes ás dez horas e trinta minutos.



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 07 DE XULLO DE 2015

Non producíndose intervencións o Sr. Presidente somete o punto a votación votando a favor os seis concelleiros do Grupo Municipal Popular e abstéñense os tres concelleiros do Grupo Municipal Socialista.

Como consecuencia da votación anterior o Pleno **aproba por maioría absoluta:**

Primeiro.- Constituir a Xunta de Goberno como órgano de apoio á Alcaldía.

Segundo.- Estará constituída polos Concelleiros designados pola Alcaldía coas atribucións que de acordo coa vixente lexislación, a alcaldía ou o Pleno deleguen neste órgano colexiado.

Terceiro.- As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebraranse unha vez ó mes ás dez horas e trinta minutos.

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS DISTINTOS ÓRGANOS COLEXIADOS.-

O Sr. Presidente dá lectura á proposta que se somete ao pleno da corporación:

De conformidade co disposto no artigo 38 c) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento das entidades locais, constituída a nova Corporación municipal tralas eleccións locais do pasado día 24 de maio do 2015, propónse ó Pleno o nomeamento como representante nos órganos colexiados que se indican:

- Consello Escolar C.E.I.P O Bolo: Manuel Corzo Macías.
- Consorcio do Servizo contra Incendios e Salvamento da Bisbarra de Valdeorras: Manuel Corzo Macías.

Non producíndose intervencións o Sr. Presidente somete o punto a votación votando a favor os seis concelleiros do Grupo Municipal Popular e abstéñense os tres concelleiros do Grupo Municipal Socialista.

Como consecuencia da votación anterior o Pleno **aproba por maioría absoluta:**

Nomear como representante nos órganos colexiados que se indican:

- Consello Escolar C.E.I.P O Bolo: Manuel Corzo Macías.
- Consorcio do Servizo contra Incendios e Salvamento da Bisbarra de Valdeorras: Manuel Corzo Macías.



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 07 DE XULLO DE 2015

6.- CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS: DENOMINACIÓN, COMPONENTES E DESIGNACIÓN DE PORTAVOCES.-

O Sr. Presidente dá lectura á composición dos Grupos políticos Municipais:

En cumprimento do artigo 25 do Regulamento de Organización e Funcionamento aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro de 1986, e 74 e 75 da Lei de Administración Local de Galicia, dáse conta ó Pleno do Concello dos escritos de constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e voceiros, presentados na Secretaría Xeral da Corporación dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da corporación.

Grupo Popular do Concello de O Bolo

Integrantes:

D. Manuel Corzo Macías
D. Darío Carracedo Vidueira
D^a Salesa Losada Fernández
D. José Vega Martínez
D^a Lucía Fernández Sobrino

Portavoz: D. Manuel Corzo Macías

Suplente: D. Darío Carracedo Vidueira

Dentro do Grupo Municipal Popular queda incluído tamén D. Manuel Rey Rionegro por así o manifestar na súa toma de posesión como concelleiro e tido asinado o escrito de comunicación.

Grupo do PSdeG-PSOE do Concello de O Bolo

Integrantes:

D. Magín Fernández Fernández
D. Juan Ferreira Ricón
D. Vicente Sabín Fernández

Portavoz: D. Juan Ferreira Ricón

Suplente: D. Magin Fernández Fernández

O Pleno da Corporación queda enterado.



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 07 DE XULLO DE 2015

7.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.-

O Sr. Presidente dá lectura da Resolución:

Conforme oa disposto nos artigos 21.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 61.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 46 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; Resolvo:

Primeiro.- Nomear Tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros/as:

- Primer Tenente de Alcalde: D. José Vega Martínez
- Segunda Tenente de Alcalde: Dna. Salesa Losada Fernández
- Terceira Tenente de Alcalde: Dna. Lucía Fernández Sobrino

Segundo.- Nomealos, así mesmo, membros da Xunta de Goberno Local para o suposto de que o devandito órgano sexa creado polo Pleno da Corporación.

Terceiro.- Os Tenentes de Alcalde, en canto tales, corresponderalles substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ó Alcalde nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, así como desempeña-las funcións de Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Cuarto.- Da presente resolución darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que se celebre. Ademais, notificarase persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte o da presente resolución conforme se indica na vixente lexislación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

8.- COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.-

O Sr. Presidente dá lectura á proposta que se somete ao Pleno da Corporación:

De conformidade co disposto no artigo 38.c) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) constituída a nova Corporación municipal tralas eleccións locais do pasado día 24 de maio de 2015.



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 07 DE XULLO DE 2015

PROPÓNSE Ó PLENO DA CORPORACION:

Primeiro.- A creación da Comisión Especial de Contas de existencia preceptiva de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 127 do ROF, tendo como única función o exame, estudio e informe da Conta Xeral anual do Concello.

Segundo.- De conformidade co disposto no artigo 125 do ROF, a seguinte composición da devandita comisión:

- Presidente :
 - D. Manuel Corzo Macías (Alcalde).
- Vogais:
 - D. Darío Carracedo Vidueira
 - D. José Vega Martínez
 - Un concelleiro do Grupo Socialista, que será designado mediante escrito do voceiro do grupo dirixido ó Alcalde e do que se dará conta ó Pleno.

D. Juan Ferreira Ricón, manifesta que o representante do grupo Municipal Socialista será D. Vicente Sabín Fernández, pero que o comunicarán por escrito.

Non producíndose máis intervencións o Sr. Presidente somete o punto a votación, votando a favor os seis concelleiros do Grupo Municipal Popular e abstéñense os tres concelleiros do Grupo Municipal Socialista.

Como consecuencia da votación anterior o Pleno **aproba por maioría absoluta:**

Primeiro.- A creación da **Comisión Especial de Contas** de existencia preceptiva de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 127 do ROF, tendo como única función o exame, estudio e informe da Conta Xeral anual do Concello.

Segundo.- De conformidade co disposto no artigo 125 do ROF, a seguinte composición da devandita comisión:



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 07 DE XULLO DE 2015

▪ **Presidente :**

- D. Manuel Corzo Macías (Alcalde).

▪ **Vogais:**

- D. Darío Carracedo Vidueira
- D. José Vega Martínez
- Un concelleiro do Grupo Socialista, que será designado mediante escrito do voceiro do grupo dirixido ó Alcalde e do que se dará conta ó Pleno.

9.- PROPOSTA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

A Sra. Secretaria dá lectura á proposta que se somete ao Pleno da Corporación:

De conformidade co disposto nos artigos 20.1.b. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 59 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e 35.2 d) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento das entidades locais (ROF), constituída a nova Corporación municipal tralas eleccións locais do pasado día 24 de maio de 2015,

PROPÓNSE Ó PLENO DO CONCELLO QUE:

- Delege na Xunta de Goberno Local as competencias que de seguido se indican de conformidade co establecido no artigo 22 da Lei reguladora das bases do réxime local.
 - O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
 - A declaración de lesividade dos actos do Concello.
 - A concertación das operacións de crédito nas que a súa contía acumulada, dentro do exercicio económico, exceda do 10% dos recursos ordinarios do orzamento – agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior – todo isto de conformidade coa Lei reguladora das facendas locais.
 - As contratacións e concesións de toda clase, cando o seu importe supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, os 6.010.121,04 euros, así como os contratos e concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de tódalas súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada.



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 07 DE XULLO DE 2015

- A aprobación dos proxectos de obra e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, aínda que non estean previstos no orzamento.
- Calquera acto de disposición sobre os bens, incluída a adquisición, transacción, alleamento e cesión gratuita a outras administracións ou institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro. A concesión, arrendamento ou cesión de bens por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 10% dos recursos ordinarios do orzamento, e a regulación do aproveitamento dos bens comunais e a cesión, por calquera título, do aproveitamento destes bens.

Non producíndose intervencións o Sr. Presidente somete o punto a votación, votando a favor todos os concelleiros presentes

Como consecuencia da votación anterior o Pleno **aproba por unanimidade:**

Delegar na Xunta de Goberno Local as competencias que de seguido se indican de conformidade co establecido no artigo 22 da Lei reguladora das bases do réxime local:

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
- A declaración de lesividade dos actos do Concello.
- A concertación das operacións de crédito nas que a súa contía acumulada, dentro do exercicio económico, exceda do 10% dos recursos ordinarios do orzamento – agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior – todo isto de conformidade coa Lei reguladora das facendas locais.
- As contratacións e concesións de toda clase, cando o seu importe supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, os 6.010.121,04 euros, así como os contratos e concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de tódalas súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada.
- A aprobación dos proxectos de obra e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, aínda que non estean previstos no orzamento.
- Calquera acto de disposición sobre os bens, incluída a adquisición, transacción, alleamento e cesión gratuita a outras administracións ou institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro. A concesión, arrendamento ou cesión de bens por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 10% dos recursos ordinarios do orzamento, e a regulación do aproveitamento dos bens comunais e a cesión, por calquera título, do aproveitamento destes bens.



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 07 DE XULLO DE 2015

10.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE CONCELLEIRA TESOUREIRA.-

O Sr. Presidente dá lectura á proposta que se somete ao Pleno da Corporación:

Considerando que con data 24 de maio de 2015 se celebraron eleccións municipais e que con data 13 de xuño se procedeu á constitución da Corporación municipal.

Considerando que a Disposición Adicional Segunda. 1.2 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que son funcións públicas necesarias de tódalas Corporacións Locais, cuxa responsabilidade está reservada a funcionarios con habilitación de carácter estatal a de Secretaria, e o control e a fiscalización interna da xestión económica-financieira e orzamentaria, e a de contabilidade, tesourería e recadación.

Considerando que a teor do disposto no artigo 2. f) do Real Decreto 1732/1994, de 29 de xullo, sobre Provisión de Postos de Traballo Reservados a Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional nas Corporacións locais con Secretarías de clase terceira, a responsabilidade administrativa das funcións de contabilidade, tesourería e recadación poderá ser atribuída a membro da Corporación ou a funcionario da mesma.

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACION A ADOPCION DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro. Designar, de conformidade co artigo 2.f) do Real Decreto 1732/1994, de 29 de xullo, sobre Provisión de Postos de Traballo Reservados a Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, como Concelleira Tesoureira deste concello a Dona Lucía Fernández Sobrino.

Segundo. Relevar á concelleira tesoureira da obriga de prestar fianza, facendo constar que tódolos membros da Corporación se fan responsables solidarios do resultado da súa xestión.

Terceiro. O desenrolo do cargo será gratuíto, sen perxuízo do cobro das indemnizacións que poidan corresponderlle polos gastos que lle supoña o exercizo do seu cargo.

Cuarto. Notificar a presente Resolución á designada.

Non producíndose intervencións o Sr. Presidente somete o punto a votación votando a favor os seis concelleiros do Grupo Municipal Popular e abstéñense os tres concelleiros do Grupo Municipal Socialista.

Como consecuencia da votación anterior o Pleno **aproba por maioría absoluta:**

Primeiro. Designar, de conformidade co artigo 2.f) do Real Decreto 1732/1994, de 29 de xullo, sobre Provisión de Postos de Traballo Reservados a Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, como Concelleira Tesoureira deste concello a Dona Lucía Fernández Sobrino.



CONCELLO DE O BOLO
RÚA CÉSAR CONTI, 33
32373 O BOLO (OURENSE)
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

ACTA DO PLENO DE 07 DE XULLO DE 2015

Segundo. Relevar á concelleira tesoureira da obriga de prestar fianza, facendo constar que tódolos membros da Corporación se fan responsables solidarios do resultado da súa xestión.

Terceiro. O desenvolvemento do cargo será gratuíto, sen perxuízo do cobro das indemnizacións que poidan corresponderlle polos gastos que lle supoña o exercizo do seu cargo.

Cuarto. Notificar a presente Resolución á designada

Sen máis asuntos a tratar, o Sr. Presidente levantou a sesión ás dezasete horas e vinte minutos do día do seu comezo, do que, como secretaria, dou fe.